

## Xornadas de "portas abertas"

O comezo de curso pode ser unha boa ocasión para dar a coñecer ás familias a biblioteca do centro, e convidalos a colaborar coa escola na formación dos nenos e nenas como lectores.

É unha oportunidade, tamén, para explicar a finalidade das "mochilas viaxeiras" e a forma de quitarlles proveito cando chegan á casa, ou de calquera outra actividade que se realiza no centro para o fomento da lectura e a formación do alumnado como usuarios de información.



## Biblioteca e comunidade escolar



*Recuncho para pais e nais no CPI de Panxón (Nigrán, Pontevedra)*

*A biblioteca, coas súas propostas e actividades destinadas á familia, pode servir de ponte de unión e de canle de colaboración entre ambas institucións e, finalmente, pode ser un espazo de convivencia moi útil aos obxectivos do centro.*

**Marco de referencia para las bibliotecas escolares  
Ministerio de Educación 2012**



*As familias poden participar a través de diversos medios na realización de actividades de dinamización lectora (hora do conto, lecturas compartidas, clubs de lectura, faladoiros literarios...), poden colaborar na casa, lendo e compartindo lecturas cos seus fillos, narrando ou escoltando; poden axudar en buscas de información ou actuar como informantes orais de experiencias diversas.*

Marco de referencia para las bibliotecas escolares  
Ministerio de Educación 2012



Recuncho para nais e pais. CEIP O Ramo (Fene, A Coruña)

Contemplan na biblioteca escolar unha sección para pais e nais, ou preparar (dentro ou fóra da biblioteca) un espazo destinado aos pais e nais é unha forma de acollelos na "comunidade lectora", e chamar á súa implicación como mediadores de lectura, como educadores dos novos lectores e das novas lectoras, co seu exemplo e coa súa dedicación.

Existen moitas **fórmulas para implicar ás familias na formación lectora** dos máis novos:

- ✓ **Mochilas viaxeiras**
- ✓ Xornadas de portas abertas
- ✓ **Sección de pais e nais** (*fondos específicos en función dos seus intereses e necesidades de información*).
- ✓ Obradoiros específicos para pais e nais (*como ler un álbum, como contar un conto, como axudar a ler mellor, como facer traballos de investigación na casa, como ler ou investigar en Internet, como seleccionar libros para os rapaces en función da idade, os intereses, etc.*)
- ✓ A hora do conto
- ✓ Lecturas compartidas
- ✓ Club de lectura mixto ou de adultos (pais, nais e profes)
- ✓ Colaboracións puntuais ou sistematizadas (a través dunha comisión de apoio á biblioteca escolar)
- ✓ Sección específica para as familias no blogue da biblioteca escolar (ou do club de lectura).
- ✓ Distribución de materiais específicos para os pais e nais en relación coa lectura:
  - Materiais da campaña iContamos moito!
  - Guías da biblioteca
  - Recomendacións para axudar a medrar como lectores....
  - Guías de lectura
  - Recomendacións temáticas ou de recursos impresos, audiovisuais, electrónicos...
  - Recomendacións para o aproveitamento dos recursos culturais da zona.
  - ....

